

## 16 DE XUÑO, DÍA DO NENO AFRICANO: UNHA OPORTUNIDADE PARA A REFLEXIÓN



[www.a-childs-voice.org](http://www.a-childs-voice.org)

Os nenos e nenas africanos enfróntanse cada día a problemas tan graves como a pobreza extrema, o VIH/SIDA, os conflitos ou a inestabilidade política. A complexidade deste panorama vese agudizada pola falla de financiación. No **Día do Neno Africano** UNICEF insta ós países ricos a incrementar os fondos para as emerxencias silenciosas.

En Soweto, Sudáfrica, miles de escolares negros tomaron as rúas no 1976, nunha marcha de case un quilómetro de longo. Protestaban pola **inferior calidade da súa educación** e para reclamar o seu dereito a ser educados na súa propia lingua. Centos de rapaces e rapazas foron tiroteados e nas dúas semanas de protesta que seguiron ó suceso, máis de cen persoas morreron e máis de mil resultaron feridas.

Para honrar a memoria dos que morreron e a coraxe dos que participaron na marcha, **o Día do neno Africano celébrase o 16 de xuño de cada ano desde 1991**. O día quere centrar a atención pública sobre as vidas dos nenos e nenas africanos na actualidade, facendo especial fincapé na protección dos seus dereitos.



Coordinación EDLG. Fonte - UNICEF